

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E A ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMIGRANTES EN GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS QUE FAVOREZAN O RETORNO E A INTEGRACIÓN SOCIO-LABORAL DAS PERSOAS EMIGRANTES E DAS SÚAS FAMILIAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### REUNIDAS

Por unha banda, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril), actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E por outra, Gabriela Alves Primo-García, presidenta da Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia, actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 14 dos estatutos da asociación.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

**Segundo.-** De acordo co establecido no artigo 49 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno. Así mesmo, correspóndenlle as atribucións de promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos e das galegas residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

**Terceiro.-** A Secretaría Xeral da Emigración desenvolve unha serie de programas incluídos na Estratexia Retorna, entre os que se atopa o programa Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) coa finalidade de ofertarlles ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, para que amplíen a súa formación e adquiren competencias e habilidades que favorezan a súa inserción



laboral e futuro profesional en Galicia con maiores garantías de éxito. Así mesmo, desenvolve outras accións que tratan de facer máis doado o retorno das familias galegas do exterior e, en particular, da mocidade.

**Cuarto.-** A Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia foi constituída no ano 2019 por bolseiras da primeira convocatoria do programa BEME e entre os seus fins atópanse ofrecerlles asesoramento a mozos e mozas emigrantes, organizar actividades culturais e sociais para a xuventude e espallar e promover actividades en Galicia.

Para o cumprimento dos seus fins, a asociación leva a cabo actividades como a orientación e o asesoramento sobre cuestións burocráticas e outros trámites, organización de eventos culturais e sociais e difusión nas redes sociais de distintas actividades, todas elas encamiñadas a apoiar o proceso de inserción social e laboral da xuventude galega emigrante na comunidade autónoma.

**Quinto.-** Despois de anos de funcionamento desta asociación, ambas institucións consideran que é necesaria a colaboración e coordinación na realización de tarefas de espallamento do programa de BEME, así como no acompañamento e apoio ás bolseiras e bolseiros, compartindo as persoas membros da asociación a súa experiencia persoal como antigas bolseiras o que constitúe unha peza moi importante no éxito deste programa.

Por outra banda, tamén se considera necesario aproveitar a experiencia vital e profesional internacional destas persoas antigas bolseiras do programa BEME, con formación universitaria e forte vinculación con Galicia, para que poidan apoiar noutras tarefas de difusión ou desenvolvemento doutros programas e accións que se executan tanto en Galicia como no exterior, dirixidas ás persoas emigrantes galegas e ás que retornen a Galicia.

**Sexto.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrencia pública.

Respecto do carácter singular e as razóns que xustifican a dificultade de promover a convocatoria pública, é preciso salientar que esta asociación é a única en Galicia constituída por persoas que xa participaron no programa BEME en edicións anteriores. Deste xeito, as persoas que son membros da asociación poden achegar a súa experiencia persoal ás novas persoas bolseiras, contribuíndo ao éxito do programa BEME, posto en marcha no ano 2017.

Así, a asociación desenvolve un papel fundamental na realización de tarefas de espallamento do programa BEME e no acompañamento e apoio as bolseiras e bolseiros no momento da súa chegada a Galicia para facilitarlles a súa integración social e universitaria, razóns polas que esta secretaría xeral considera que a entidade é a idónea para o desenvolvemento das accións contempladas no convenio.



O interese público de colaboración no desenvolvemento da presente actuación radica na pretensión de ofrecerlles tanto ás persoas emigrantes galegas como ás que retornen á comunidade autónoma a maior cobertura posible no seu proceso de retorno e adaptación á sociedade galega.

Por todo o exposto, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio de colaboración, que recolle as seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer o marco da colaboración e de actuación coordinada entre as entidades asinantes para desenvolver accións de difusión, acompañamento, información e formación dirixidas ás persoas galegas que residan no exterior, así como as que retornen á comunidade autónoma galega.

As ditas accións teñen como finalidade facilitar o retorno a Galicia das persoas emigrantes e das súas familias, favorecendo a súa integración social e laboral na sociedade galega.

### **Segunda.- Obrigas das partes**

1. A Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia comprométese a:

- Informar, difundir, asesorar e colaborar no desenvolvemento de todo tipo de programas e accións de interese xeral para as persoas emigrantes e retornadas e, en particular, sobre os desenvolvidos pola Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia.
- Derivar as persoas emigrantes retornadas e as súas familias á Oficina Integral de Asesoramento e Seguimento ao Retorno da Secretaría Xeral da Emigración.
- Desenvolver actividades informativas e formativas que favorezan a inserción social e laboral das persoas emigrantes retornadas na comunidade autónoma galega e, en especial, das bolseiras e bolseiros do programa BEME, a través de xornadas, *webinarios*,...
- Realizar actividades que faciliten a acollida e acompañamento na inserción social en Galicia das persoas emigrantes retornadas (tempo libre, culturais, excursións,...).
- Utilizar as súas canles de comunicación e, en especial, as súas redes sociais na difusión e comunicación sobre programas e actividades relacionados coa emigración e o retorno.
- Manter e actualizar a páxina web con información específica sobre o programa BEME e outros temas de interese para as persoas emigrantes e retornadas.
- Desenvolver o programa de apadriñamento para por en contacto a antigas persoas bolseiras coas novas do programa BEME, favorecendo a integración académica e social nas universidades galegas.



- Realizar accións destinadas á inserción socio-laboral en Galicia das persoas participantes no programa BEME.
- Colaborar no desenvolvemento das actividades ou actos da Secretaría Xeral da Emigración dirixidas ás persoas participantes do programa BEME.
- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- Comunicarlle de forma inmediata ao órgano concedente a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente público ou privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Remitirlle á Secretaría Xeral da Emigración a información detallada acerca da súa actividade cando o requira e, en todo caso, á conclusión deste convenio.
- Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
- Actuar con suxeición ás obrigas sinaladas para as persoas beneficiarias de subvencións ou axudas públicas do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Facer constar a condición de entidade subvencionada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en toda clase de publicidade e información que se realice ao desenvolver este convenio, así como os seus correspondentes logotipos.
- Facilitar a actuación do persoal técnico da Secretaría Xeral da Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.
- Subministrarlle á Secretaría Xeral da Emigración toda a información que requira en materia de transparencia, de acordo co disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

## 2. A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a:

- Achegar o financiamento previsto na cláusula terceira condicionado ao cumprimento do estipulado no presente convenio.



- Facilitar a información dos programas e servizos que desenvolve a Secretaría Xeral da Emigración ou a Xunta de Galicia que a asociación poida necesitar para o mellor desenvolvemento das súas actuacións.
- Proporcionar os datos de contacto e a información persoal necesaria das persoas beneficiarias do programa BEME da Secretaría Xeral da Emigración para remitirlles información sobre as actividades obxecto deste convenio.

### **Terceira.- Crédito orzamentario**

Co obxecto de colaborar no financiamento das accións recollidas neste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de quince mil euros (15.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código de proxecto 2015 00038), dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

### **Cuarta.- Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro do período comprendido entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025, de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións.

A entidade destinará a achega feita pola Secretaría Xeral da Emigración a sufragar os gastos derivados do desenvolvemento das actividades descritas no apartado primeiro da cláusula segunda.

Os gastos subvencionados a través deste convenio serán os gastos de persoal, os honorarios doutras/os profesionais ou expertas/os que participasen nas actividades da asociación, gastos correntes como alugueiro de locais ou equipamentos, teléfono, conexión a internet, publicidade, mensaxería, material funxible; axudas de custo, gastos de viaxe e desprazamento; asesoría e xestións administrativas, así como outros gastos correntes relacionados directamente co obxecto do convenio.

En relación aos gastos relativos a retencións do IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2025, a súa acreditación efectuarase mediante a presentación da documentación xustificativa da súa realización e que correspondan á natureza da actividade subvencionada. En consecuencia, para que estes gastos teñan a consideración de subvencionables non será preciso acreditar o pagamento previo por parte da entidade beneficiaria. Respecto destes gastos, a entidade beneficiaria está obrigada a acreditar o efectivo pagamento con anterioridade ao 15 de febreiro do 2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro parcial da subvención. Para o caso de que o importe da subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa superior aos pagamentos efectivamente acreditados, procederá igualmente o reintegro parcial. Para o caso de que o importe de subvención percibida pola entidade beneficiaria por aqueles conceptos sexa inferior aos pagamentos efectivamente acreditados, a diferenza será por conta da entidade beneficiaria.

En relación coas axudas de custo e gastos de viaxe, aplicarase o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na



Comunidade Autónoma de Galicia e o importe máximo será o establecido para o grupo 2 no devandito decreto.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá, en ningún caso, ser superior ao valor de mercado.

En ningunha circunstancia se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

#### **Quinta.- *Compatibilidade***

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas para este mesmo fin. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade que se vai subvencionar.

#### **Sexta.- *Pagamento anticipado***

Logo da sinatura deste convenio, en concepto de pagamento anticipado, efectuarase unha entrega de fondos como financiamento necesario para poder levar a cabo as accións previstas, por un importe do oitenta por cento (80%) da contía total da subvención, en atención ao disposto no artigo 63 do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. O importe restante librarase no momento no que se xustifiquen na súa totalidade o cumprimento da finalidade e demais condicións para as que se lle concedeu a axuda, sen que en ningún caso, o importe pagado sexa superior ao importe xustificado, ata o límite do importe concedido.

Para proceder a este pagamento, a Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia presentará unha declaración responsable na que conste:

- O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.
- Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De acordo co previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións de Galicia a entidade está exonerada da constitución de garantías.



### **Sétima.- Xustificación e pagamento final**

A data límite para presentar a documentación xustificativa será o 15 de decembro de 2025.

A entidade beneficiaria estará obrigada a xustificar perante esta consellería, con carácter previo ao pagamento da subvención, o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real mediante a presentación dunha conta xustificativa, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A tal fin, a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa dos gastos realizados expedida pola persoa representante da Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia, na que se indicará de forma expresa que se cumpriu a finalidade obxecto do convenio e que para a súa execución se destinaron os fondos achegados pola Secretaría Xeral da Emigración.
- Memoria final do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención na que se recollan as accións realizadas, resultados obtidos, a súa valoración cualitativa, colectivo atendido con indicación das persoas atendidas e demais aspectos que se consideren relevantes.
- Relación clasificada dos gastos vinculados ás actividades e servizos prestados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento.
- Documentos xustificativos dos gastos, tales como facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento.

Con todo, para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibín do proveedor, en virtude do disposto no artigo 42.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Se fose o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- De ser o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
- Declaración responsable asinada electrónicamente pola persoa representante da Asociación de Jóvenes Emigrantes en Galicia na que conste:



- O conxunto das axudas solicitadas para as actividades obxecto do convenio, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais e, de ser o caso, as contías solicitadas ou concedidas.
- Que a entidade beneficiaria non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 11.e), 31.7 e concordantes da lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.

De non xustificar o importe total da subvención obxecto deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto.

Segundo o disposto no artigo 29.2 da Lei 29/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, agás disposición expresa en contrario, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do prazo de xustificación.

A Secretaría Xeral da Emigración reservase o dereito de solicitar toda a información que considere precisa en relación coa xustificación dos gastos.

#### **Oitava.- Reintegro**

Procederá o reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1.n da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se deba minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- a) O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- b) Calquera outra deficiencia considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

#### **Novena.- Modificación do convenio**



Toda alteración das condicións tidas en conta para conceder esta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Tales modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Así mesmo, o convenio poderá ser modificado unilateralmente pola Administración cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

#### **Décima.- Causas de resolución do convenio**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan
  - b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga
  - c. O acordo unánime de todas as partes asinantes
  - d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
  - e. A aplicación dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión
  - f. Calquera outra causa prevista nas leis.

#### **Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas; dúas de parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración designadas pola Secretaría Xeral da Emigración, das cales unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da entidade beneficiaria.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Realizar o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 do outubro, do réxime xurídico do sector público.

#### **Décimo segunda.- Relación laboral**

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou con calquera organismo ou entidade dependente ou vinculada, de tal xeito que, por este concepto,



non se lle poderá exixir á mencionada consellería responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.

Para a execución deste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración, ou o persoal dela dependente, non impartirá instrucións nin ordes ao persoal contratado.

A Secretaría Xeral da Emigración poderá comprobar en calquera momento o cumprimento por parte da outra parte das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar as actuacións obxecto deste convenio.

#### **Décimo terceira.- *Autorización, publicación e rexistro do convenio***

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais e o resto de especificacións que consten nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto).

Comunicarase a subscrición deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **Décimo cuarta.- *Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente***

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Contra eses acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo quinta.- *Vixencia***

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025, agás que sexa denunciado por algunha das partes por incumprimento dos acordos que nel se recollen.

Porén, as achegas económicas poderán financiar as accións necesarias para o cumprimento do obxecto do convenio realizadas a partir do 1 de decembro de 2024 e



ata o 30 de novembro de 2025, de acordo co artigo 2.1.b. da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**Décimo sexta.- *Protección de datos de carácter persoal***

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio.

O conselleiro de Emprego, Comercio e  
Emigración

A presidenta da Asociación de Jóvenes  
Emigrantes en Galicia

José González Vázquez

Gabriela Alves Primo-García

